



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Aprobación definitiva da ordenanza fiscal n<sup>o</sup> 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*

#### ANUNCIO

Ao non presentarse alegacións durante o período de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrado o 26 de outubro de 2023, de modificación da ordenanza fiscal n.º 12 reguladora da taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene pública, consistente na modificación das tarifas (Anexo- Tarifas)

De conformidade co disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da modificación aprobada:

#### ANEXO -TARIFAS

TARIFA N <sup>o</sup> 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
Epígrafe 10.- Vivendas	81,67 €
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	21,74 €
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	19,44 €
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	17,15 €
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	15,72 €
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 149,73 euros)	14,28 €
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,76 €
Concepto 1106: pensións de 1 estrela , por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ao ano de 149,73 euros)	14,28 €
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 87,53 euros)	8,71 €
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 83,57 euros)	6,99 €
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ao ano, euros: (cun mínimo de 418,74 euros anuais)	40,99 €
Concepto 1110: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ao ano, euros (cun mínimo de 360,23 euros)	14,28 €
Concepto 1111: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro, ao ano	348,63 €
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m2	174,31 €
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: Restaurantes	
120000 De categoría de luxo	766,99 €
120001 De categoría 1 <sup>a</sup>	697,28 €
120002 De categoría 2 <sup>a</sup>	566,54 €
120003 De categoría 3 <sup>a</sup>	453,23 €
120004 De categoría 4 <sup>a</sup>	339,93 €
Concepto 1201: Cafeterías	
120100 De categoría especial	610,11 €

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
120101 De categoría 1ª	479,38 €
120102 De categoría 2ª	392,22 €
120103 De categoría 3ª	191,74 €
Concepto 1202: Bares	
120200 De categoría especial, epígrafe 673.1 IAE	697,28 €
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (Zona urbana)	156,89 €
120202 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (resto)	130,74 €
Concepto 1203: salas de festas, discotecas, whiskerías, bingos e semellantes	
Concepto 1204: Círculos e clubs	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	435,81 €
120401 Os demais	217,89 €
Concepto 1205: Teatros e cines	
120500 Teatros e cines con local pechado	296,33 €
120501 Teatros e cines con local aberto	87,17 €
Concepto 1207: fábricas, talleres de reparación de automóviles, serradoiros e grandes almacéns	
120700.00 de 1 empregado	164,07 €
120700.01 de 2 a 4 empregados	201,94 €
120700.02 de 5 a 7 empregados	265,05 €
120700.03 de 8 a 10 empregados	315,54 €
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	473,30 €
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	946,60 €
120702 Máis de 50 empregados, ata 100	1.893,19 €
120701 Máis de 100 empregados	3.155,31 €
Concepto 1208: mercados, supermercados, comercios ao por maior de produtos alimentarios e establecementos agroalimentarios	
120800 Por cada posto fixo de venda en mercados municipais e galerías de alimentación: NOTA: a concorrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo mercados, dedicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa.	37,86 €
120801 Establecementos en réxime de autoservizo e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m2	1.893,19 €
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m2 e 120 m2	946,60 €
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m2 e 60 m2	391,26 €
120801.03 Con superficie inferior a 60 m2	214,56 €
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Peixería e carnicerías, verduras e froitarías	126,21 €
120802.01 Os demais establecementos	75,73 €
120803 Mercados centrais por xunto	
120803.00 Entidades xestoras dos mercados centrais por xunto	2.082,51 €
120803.01 Por cada posto modular	296,60 €
Concepto 1209: Entidades bancarias e caixas de aforros, gasoleiras e estacións de servizos	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	828,02 €
Concepto 120902 Gasoleiras e Estacións de Servizos, por surtidor (ata un máximo de 518,37 euros)	174,31 €

<b>TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
Concepto 1210: Centros oficiais (Produtores de menos de 10001 de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m2 de superficie	367,64 €
121001 Dende 500 m2 ata 1000 m2 de superficie	736,32 €
121002 Mais de 1000 m2 de superficie	1.103,96 €
Concepto 1211: Locais, establecementos e toda clase de instalacións de carácter público ou privado, non comprendidos en conceptos anteriores e grandes produtores de residuos	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ao día, ao ano. NOTA: A efectos da notificación da cata derivada deste concepto, os obrigados ao pago deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	217,89 €
Concepto 1212: Despachos profesionais	104,60 €
Concepto 1213: Postos, quioscos e calquera outro con instalación permanente na vía pública e non suxeito por conceptos anteriores destas tarifas	32,96 €
Concepto: 1214: Demais locais e negocios non comprendidos nos epígrafes e conceptos anteriores	104,60 €
Concepto 1215: Establecementos de carácter temporal e casetas de feira	
121500 Os establecementos de carácter temporal abertos ou en actividade por tempo que non exceda de tres meses consecutivos ao ano, incluídos os instalados con ocasión de festas, romarías ou verbenas	34,97 €
121501 Atraccións e demais establecementos semellantes instalados no recinto de festas	44,57 €
121502 Venda ambulante, por cada día de colocación no mercado (ao trimestre)	8,01 €
NOTA: Para a obtención do permiso de ocupación da vía pública será requisito imprescindible a presentación do recibo da última taxa trimestral de hixiene pública posta ao cobro	
Concepto 1216: Asociacións veciñais, centros de culto e outros semellantes	87,17 €
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas sinaladas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ao interesado, axustalas ao volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o concepto 121100.	

<b>TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO</b>	
Epígrafe 20.- Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 2,75 €.	0,03 €
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 3,46 €.	0,06 €
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 38,79 €)	0,14 €

<b>TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS</b>	
Epígrafe 30. Limpeza por cada m2 de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 48,63 €)	0,03 €
Epígrafe 31.- Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: por cada kg de residuos sólidos urbanos, (cun mínimo de 38,79 €)	0,13 €
Concepto 3101: por cada m3 de residuos inertes, (cun mínimo de 38,79 €)	13,64 €
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	

<b>TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS</b>	
Epígrafe 40.- Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	30,85 €
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de característica análogas con tara inferior a 1.000 kg.	63,74 €
Concepto 4002: Pola retirada de camiões, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 kg.	158,03 €
Epígrafe 41. - Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,51 €
Concepto 4101: Automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos de tara inferior a 1.001 kg, por día	3,93 €

<b>TARIFA N° 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS</b>	
Concepto 4102: Camións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 kg. por día	8,37 €
NOTA 1ª.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza.	
NOTA 2ª.- No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.- As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículo só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polo seus propietarios.	

<b>TARIFA N° 5: POR RETIRADA DE COLECTORES DE ENTULLO</b>	
Epígrafe 50.- Retirada e transporte a depósito	108,19 €
Epígrafe 51.- Depósito por cada día de estancia	3,52 €
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza.	

<b>TARIFA N° 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS</b>	
Epígrafe 60.- Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001.- Por cada m2 de limpeza e de retirada de carteis	24,10 €
Concepto 6002.- Por cada m lineal de limpeza de pintadas	24,10 €
Concepto 6003.- Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros	13,80 €
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza	

<b>TARIFA N° 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA</b>	
Epígrafe 70.- Por cada unidade de peso menor de 70 kg, euros	21,32 €
Epígrafe 71.- Por unidade de peso superior a 70 kg, euros	68,27 €

<b>TARIFA N° 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K</b>	
A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo invertido e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.- Persoal	
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	60,46 €
Concepto 8001: Encargado, xefe, capataz ou inspector dos servizos, por cada hora ou fracción	27,68 €
Concepto 8002: Conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15% adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	17,05 €
Epígrafe 81.- Materiais	
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración do Concello de Vedra, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredoiro, máquina de baldeo, compactador, escavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade de hora, sen condutor, euros	27,68 €
Concepto 8102: Conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	17,05 €
Epígrafe 82.- Desprazamentos	
Concepto 8200: por Km percorrido, vehículo pesado, compactador ida e volta, euros	1,16 €
Concepto 8201: por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,35 €
NOTA: A débeda tributaria esixida obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer recurso contencioso –administrativo ante a Sala do Contencioso –Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso –Administrativa.

Para xeral coñecemento publícase o texto consolidado da citada ordenanza, logo das modificacións acordadas:  
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

#### Índice

- CAPÍTULO 1º.- FEITO IMPOÑIBLE
  - Artigo 1º. Descrición xenérica.
  - Artigo 2º. Manifestación do feito imponible.
- CAPÍTULO 2º.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES
  - Artigo 3º. Contribuínte.
  - Artigo 4º. Substituto do contribuínte.
  - Artigo 5º. Concorrenza de suxeitos pasivos.
  - Artigo 6º. Outros responsables.
- CAPÍTULO 3º.- BENEFICIOS FISCAIS
  - Artigo 7º. Exencións e bonificacións.
  - Artigo 8º. Reducións.
- CAPÍTULO 4º.- BASE IMPOÑIBLE
  - Artigo 9º. Determinación.
  - Artigo 10º. Definicións.
- CAPÍTULO 5º.- COTAS TRIBUTARIAS E TARIFAS
  - Artigo 11º. Cota tributaria derivada da prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario.
  - Artigo 12º. Cotas derivadas doutras prestacións ou actividades.
  - Artigo 13º. Tarifas.
- CAPÍTULO 6º.- PERÍODO IMPOSITIVO E PAGAMENTO
  - Artigo 14º. Período impositivo.
  - Artigo 15.1º Pagamento.
  - Artigo 15.2º Altas e Declaracións.
- CAPÍTULO 7º.- INGRESO DA DÉBEDA TRIBUTARIA
  - Artigo 16º. Ingreso definitivo.
  - Artigo 17º. Ingreso de caución.
- CAPÍTULO 8º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S
  - Artigo 18º. Réxime xeral.
  - Artigo 19º Compatibilidade
- DISPOSICIÓN FINAL
- ANEXO TARIFAS

#### ORDENANZA FISCAL: TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE PÚBLICA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/97 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998 do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o concello de Vedra establece a Taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene á que se refire o artigo 20.4 da Lei 39/88 que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ao previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988, modificado así mesmo polo artigo 66 da Lei 25/1998 do 13 de xullo.

## CAPÍTULO 1º.- FEITO IMPOÑIBLE

### Artigo 1º.- DESCRICIÓN XENÉRICA

1. Constitúe o feito impoñible da presente taxa, tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, como a realización daquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, diríxanse á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

### Artigo 2º.- MANIFESTACIÓN DO FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Integran o feito impoñible, as prestacións de servizos e a realización das actividades que se sinalan seguidamente:

- a) A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servizos ou calquera outras de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de recollida previa, recollida e tratamento.

A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e refugallos de alimentación ou detritos procedentes da limpeza ordinaria de vivendas ou locais, excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial, e materiais de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos e perigosos, e que a súa recollida ou tratamento esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade, tal e como establece a Lei 10/1990 de 24 de abril, ou que non estean comprendidos entre os sinalados pola Ordenanza de hixiene urbana con obxecto da prestación obrigatoria do servizo.

- b) A utilización das instalacións propias ou por convenio para o tratamento daqueles residuos que deban ser recollidos fóra da prestación obrigatoria do servizo e teñan o carácter de residuos asimilables aos urbanos, a efecto de tratamento.
- c) A prestación do servizo de limpeza extraordinaria dos lugares, nos que se celebraran calquera sorte de actos públicos previamente autorizados pola Administración Local, a solicitude obrigatoria dos organizadores dos eventos.
- d) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia no mesmo, e no seu caso, posterior devolución, dos vehículos que teñan a consideración de abandonados, segundo o disposto nas disposicións vixentes.
- e) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia no mesmo, e no seu caso, posterior devolución dos contedores de residuos de obras da construción, dos cales a súa situación ou permanencia na vía pública contraveña as disposicións vixentes en materia de hixiene urbana.
- f) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia no mesmo, e no seu caso, posterior devolución, de carteis, soportes e pancartas, así como a limpeza extraordinaria dos espazos ou instalacións da vía pública que foran utilizados como soporte daqueles elementos, cando os titulares da autorización ou, a falta desta, os autores materiais da súa colocación, incumpriran as obrigacións que, respectivamente, lles impoñen as disposicións vixentes.
- g) A retirada de cadáveres abandonados de animais, xa se atopen na vía pública, xa en lugar privado, o seu transporte, e o posterior tratamento hixiénico-sanitario dos mesmos.
- h) A limpeza de pintadas en valados, muros, fachadas de edificios ou en calquera elemento do mobiliario urbano, cando o autor non obtivese a autorización ou que a pesar dela, cando as pintadas ou pinturas atentaran contra o ornato público.
- i) A limpeza e valado con cerramentos permanentes, sitios na aliñación oficial, dos terreos e solares sitios en chan urbano ou urbanizable que linden coa vía pública, cando os seus propietarios ou posuidores por calquera título non deran cumprimento ás prevencións establecidas.
- k) Calquera outras actividades ou servizos que, sen estar comprendidas nas letras anteriores, a súa realización ou prestación pode integrarse no feito impoñible descrito no artigo 1º desta ordenanza.

2.- Aos efectos da taxa, é indiferente que o servizo se preste por xestión mancomunada directa –a través de órgano mancomunado ou empresas ou por concesionario.

## CAPÍTULO 2º.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.

### Artigo 3º.- CONTRIBUÍNTE.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que, con referencia ás manifestacións de feito impoñible recollidas no artigo anterior, se atopen nas seguintes posicións:

1º.- En relación á contida na súa letra a):

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares en que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro: usufrutuario, arrendatario, habitacional ou mesmo de precario.

2º.- En relación ás contidas nas letras b) e c):

Os solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións ou, a falta destas, os que materialmente realicen vertidos ou organicen os actos.

3º.- En relación ás contidas nas letras d), e), f) e i):

Os responsables do incumprimento das obrigacións impostas polas disposicións vixentes e que coa súa conduta provocaron a intervención da administración local.

4º.- En relación á contida na letra g):

- Os propietarios dun animal morto que fose abandonado en lugar público ou privado, cando a súa calidade resulte de rexistro administrativo.
- Os propietarios ou posuidores por calquera título do lugar público ou privado onde se encontrara o cadáver abandonado do animal, se non se dera a circunstancia prevista no guión anterior.
- Os causantes directos da morte do animal, por atropelo ou por outra acción, cando non se deducira de rexistro administrativo a identidade do propietario do animal morto.

5º.- En relación á contida na letra h):

- As persoas ou entidades que subscriban o texto da pintada ou do motivo da pintura.
- Os autores materiais das mesmas, cando non estean asinadas.
- Os donos dos elementos de propiedade obxecto da limpeza das pintadas ou pinturas, cando non conste á administración local a identidade dos anteriores.

6º.- En relación ás contidas na letra k):

Os suxeitos beneficiarios ou afectados pola prestación ou realización dos servizos ou actividades.

Artigo 4º.- SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ao que se refire o artigo 3.1º desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios –ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ao inmovible-, sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, poidan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 23.2 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 5º.- CONCORRENCIA DE SUXEITOS PASIVOS

A concorrencia de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á facenda do concello.

Artigo 6º.- OUTROS RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado no artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

CAPÍTULO 3º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Artigo 7º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pago da taxa, salvo que por Lei estatal se establecese outra cousa.

Artigo 8º.- REDUCIÓNS.

1º.- Ao abeiro do establecido no art. 24.4 da Lei 39/1988, as cotas derivadas da aplicación da tarifa nº 1, correspondentes á prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario, reduciranse a metade da cota de vivendas para aqueles suxeitos pasivos nos que concurra a condición de xubilados, pensionistas, perceptores da axuda familiar, familias numerosas e familias monoparentais, sempre que os seus ingresos anuais totais, da unidade familiar, non superen o IPREM vixente no período para o que se solicite a redución. Excepcionalmente poderase contemplar a bonificación do 100% da taxa para casos debidamente xustificados de circunstancias especiais ou de exclusión social, previa achega dos informes correspon-

dente elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello. Será o órgano competente o que aprobe a súa aplicación.

O Pleno do concello de Vedra recoñecerá, previo informe dos servizos tributarios do concello, o dereito de redución mencionado no parágrafo anterior, previa solicitude anualmente do interesado e acreditación na que conste a condición de xubilados, pensionista, familia numerosa ou monoparental, o importe da pensión gozada, a circunstancia de estar ao corrente no pago da taxa, aplicándose este beneficio no recibo correspondente. O non pago dos recibos implicará a perda da redución aplicada, prexudicando o dereito do exercicio corrente.

Na liquidación de cada exercicio, o concello de Vedra coñecerá dos contribuíntes beneficiados e importes reducidos, podendo revogar se da práctica das actuacións inspectoras se deducira a súa improcedencia con independencia da derivación de sanción.

2º.- Poderán solicitar unha bonificación da tarifa de ate un 50% aqueles produtores de lixo que fagan unha contribución destacada e efectiva aos programas de recollida selectiva establecidos polo concello. Esta contribución deberá ser avaliada de forma medible e contrastada polos servizos técnicos. A solicitude de bonificación, informada deberá ser sometida á consideración do órgano competente, e terá unha vixencia máxima dun ano natural.

3º.- Con independencia do establecido nos parágrafos anteriores, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

#### CAPÍTULO 4º.- BASE IMPOÑIBLE

##### Artigo 9º.- DETERMINACIÓN.

A base imponible da taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias:

- a) A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.
- b) A natureza, características e intensidade do resto de servizos prestados ou actividades realizadas en materia de hixiene polo concello ou entidade de xestión do servizo.

##### Artigo 10º.- DEFINICIÓNS.

Aos efectos desta taxa, os elementos determinantes da base imponible que aparecen sinalados nas correspondentes tarifas, responden ás seguintes definicións:

- VIVENDAS: Domicilios de carácter familiar e pensións que non excedan de 10 prazas.
- ALOXAMENTOS: Lugares de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, hostais, pensións, residencias, colexios e demais centros de natureza análoga, que excedan de 10 prazas.
- LOCAIS: Lugares ou establecementos susceptibles de ser dedicados ao exercicio de actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra, incluídas as de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación económica.
- GRANDES ALMACÉNS: Aqueles nos que se exerza unha actividade de comercio ao por menor en sectores distintos ao agroalimentario, e que a súa superficie total, sen ningunha exclusión, sexa superior a 500 m<sup>2</sup>. No caso de concorrencia de calquera actividade comercial con outras agroalimentarias, cualificarase ao establecemento de gran almacén cando a superficie destinada á atención ao público nas actividades comerciais sexa maior que nas agroalimentarias.
- FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS: Establecementos onde se recibe, elabora ou transforma as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados.
- VEHÍCULOS ABANDOADOS: Os referidos na ordenanza de hixiene urbana ou regulamentación do servizo que se aprobe.
- CONTEDORES PARA OBRAS: Os que conteñan materias utilizados na construción ou derribo de edificacións.
- GRANDES PRODUTORES DE RESIDUOS: Todos os locais, actividades e en xeral suxeitos pasivos que teñan unha produción media diaria superior aos 2.000 l. ou aos 300 kg de residuos.

#### CAPÍTULO 5º.- COTAS TRIBUTARIAS E TARIFAS.

##### Artigo 11º.- COTA TRIBUTARIA DERIVADA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE LIXO DOMICILIARIO.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de vivenda ou local, cunha contía que se determinará en función da natureza, destino dos inmobles e produción media diaria de lixo.
2. As cotas esixibles pola prestación do servizo de xestión de lixo son as fixadas na tarifa nº 1 que contén o Anexo I da presente ordenanza.



## Artigo 12º.- COTAS DERIVADAS DOUTRAS PRESTACIÓNS OU ACTIVIDADES.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, cunha contía que se determinará:

- a) Por designación específica nas tarifas correspondentes.
- b) Por adición das cotas parciais, correspondentes a cada unha das fases en que sexa fraccionada a prestación do servizo ou realización da actividade.

2. As cotas ás que se refire este artigo, son as fixadas nas tarifas 2ª a 8ª desta ordenanza.

## Artigo 13º.- TARIFAS.

As tarifas vixentes, desagregadas nos seus diferentes epígrafes, recóllense no Anexo I da presente ordenanza.

Estas tarifas sufrirán un incremento anual automático igual ao IPC oficial correspondente ao ano natural anterior.

## CAPÍTULO 6º.- PERÍODO IMPOSITIVO E PAGAMENTO.

### Artigo 14º.- PERÍODO IMPOSITIVO

Para aquelas prestacións de servizos públicos locais establecidos con carácter permanente, xa sexan a súa execución material continua ou esporádica, o período impositivo coincidirá co período obxecto de cobro, conforme ao disposto no artigo 16 desta ordenanza.

### Artigo 15º.1.- PAGAMENTO.

1º.- Págase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade,.

2º.- En referencia á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables, enténdese que tal acontece o primeiro día de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servizo nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, locais e aloxamentos susceptibles de ser ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ao longo do ano e de que a dita ocupación se refira á totalidade ou parte da finca. A tales efectos, considérase que un inmovible é susceptible de ser ocupado ou utilizado cando o mesmo dispoña de luz e auga, debendo o interesado acreditar documentalmente, no seu caso, a indispoñibilidade das citadas subministracións, procedéndose, en caso de carencia de subministración eléctrica, á devolución de ingresos indebidos, previa achega polo interesado de certificación expedida pola empresa subministradora, referida ao período no que se estendeu a devandita carencia.

### Artigo 15.2.- ALTAS E DECLARACIÓNS.

1.- Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a efectos do imposto sobre bens inmoables.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmoables, estarase incorrendo en infracción cualificada como grave no artigo 79 b) da Lei 25/1995, do 20 de xullo, de modificación parcial da Lei Xeral Tributaria. Sen embargo, poderá obviarse a infracción tributaria para os efectos exclusivos da presente taxa, así como a correspondente sanción, coa presentación de instancia ou escrito no que se formula declaración de alta no padrón de taxa de recollida de lixo de vivendas.

2.- En relación con locais comerciais, industriais ou profesionais, entenderase como declaración de alta a solicitude de preceptiva licenza de actividades e instalacións, tendo efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade. De iniciar unha actividade sen a preceptiva licenza, ademais de infracción urbanística estarase incorrendo en infracción fiscal grave de conformidade co citado artigo 79 b) da Lei 25/1995. De forma excepcional, e sen prexuízo das sancións urbanísticas que procedan, admitiranse declaracións de alta a efectos de recollida de lixo industrial, comercial ou profesional en instancia razoada polo suxeito titular da actividade. Desta forma pode obviarse a sanción tributaria. No caso dos traspasos de negocio, o antigo e o novo titular deberán presentar copia do cambio de titularidade no Rexistro do concello e o impreso regulamentario para tal efecto. O incumprimento desta obriga terá así mesmo, a cualificación de infracción tributaria grave para o adquirente do negocio e infracción simple para o cedente.

3.- Os locais baleiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

4.- Para locais que, non sendo vivendas, excepcionalmente non precisarán de licenza de actividades e instalacións, os titulares deberán presentar formalmente declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes desde o seu inicio a efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

5.- Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas. O incumprimento desta obriga ten a cualificación de infracción simple.

6.- Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubri-las súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. A omisión de calquera dos datos anteriores terá a cualificación de infracción simple.

#### CAPÍTULO 7º.- INGRESO DA DÉBEDA TRIBUTARIA

##### Artigo 16º.- INGRESO DEFINITIVO

1º.- O cobro das cotas referidas na tarifa número 1 desta ordenanza, efectuarase mediante recibo no prazo que determine a notificación aos interesados que practique a administración de tributos, no caso de producirse a alta no servizo. No sucesivo e sen mediar notificación publicárase o período de cobranza do correspondente padrón fiscal desta taxa.

2º.- O cobro das cotas derivadas da aplicación das restantes tarifas será realizado de forma directa polo órgano de xestión do servizo. De igual xeito procederase cando, por irregularidades urbanísticas, o inmovible non contara con subministración de auga a cargo do servizo municipal, sen que tal recadación supoña, de ningún xeito, validación das devanditas irregularidades.

##### Artigo 17º.- INGRESO DE CAUCIÓN

1º.- Cando a prestación do servizo ou a realización da totalidade ou de parte dos actos materiais en que se concreta a intervención administrativa se produza a petición obrigatoria de parte, o contribuínte, conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 39/1988, quedará obrigado a depositar, no momento da autorización da súa solicitude, o importe íntegro da cota correspondente á tarifa aplicable, requisito sen o cal non continuará a administración local na execución dos actos materiais precisos para ultima-lo servizo ou actividade.

2º.- O anterior será especialmente aplicable aos supostos nos que a actuación administrativa se tivera concretado no depósito e custodia de vehículos abandonados, contedores de residuos de obras ou pancartas e carteis, trala súa retirada da vía pública, nos termos establecidos, da cal a súa devolución ao titular só se efectuará trala constitución do depósito mencionado no número anterior, por canto sen ela o concello non continuará coa execución dos actos materiais tendentes á devolución dos bens depositados: identificación e comprobación de titulares, exame da licenza e dos residuos a fin de determina-lo seu carácter e o tratamento ao que deben someterse, busca dos bens, comprobación do seu estado e entrega material, con uso dos medios humanos e, no seu caso, mecánicos precisos para levala a cabo.

#### CAPÍTULO 8º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

##### Artigo 18º.- RÉXIME XERAL

1º. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

2º. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas pagadas.

##### Artigo 19º.- COMPATIBILIDADE

A exacción das taxas que pola presente ordenanza se establecen, non exclúe o pago das sancións ou multas que procederán por infracción da ordenanza de hixiene urbana que se aprobe no seu caso e demais normativa legal vixente.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e comezará a aplicarse a partir do 01 de xaneiro de 2024, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa”

#### ANEXO -TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
Epígrafe 10.- Vivendas	81,67 €
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	21,74 €
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	19,44 €
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	17,15 €
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	15,72 €
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 149,73 euros)	14,28 €
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,76 €

<b>TARIFA N° 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
Concepto 1106: pensións de 1 estrela , por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ao ano de 149,73 euros)	14,28 €
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 87,53 euros)	8,71 €
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 83,57 euros)	6,99 €
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ao ano, euros: (cun mínimo de 418,74 euros anuais)	40,99 €
Concepto 1110: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ao ano, euros (cun mínimo de 360,23 euros)	14,28 €
Concepto 1111: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro, ao ano	348,63 €
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m2	174,31 €
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: Restaurantes	
120000 De categoría de luxo	766,99 €
120001 De categoría 1ª	697,28 €
120002 De categoría 2ª	566,54 €
120003 De categoría 3ª	453,23 €
120004 De categoría 4ª	339,93 €
Concepto 1201: Cafeterías	
120100 De categoría especial	610,11 €
120101 De categoría 1ª	479,38 €
120102 De categoría 2ª	392,22 €
120103 De categoría 3ª	191,74 €
Concepto 1202: Bares	
120200 De categoría especial, epígrafe 673.1 IAE	697,28 €
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (Zona urbana)	156,89 €
120202 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (resto)	130,74 €
Concepto 1203: salas de festas, discotecas, whiskerías, bingos e semellantes	697,28 €
Concepto 1204: Círculos e clubs	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	435,81 €
120401 Os demais	217,89 €
Concepto 1205: Teatros e cines	
120500 Teatros e cines con local pechado	296,33 €
120501 Teatros e cines con local aberto	87,17 €
Concepto 1207: fábricas, talleres de reparación de automóviles, serradoiros e grandes almacéns	
120700.00 de 1 empregado	164,07 €
120700.01 de 2 a 4 empregados	201,94 €
120700.02 de 5 a 7 empregados	265,05 €
120700.03 de 8 a 10 empregados	315,54 €
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	473,30 €
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	946,60 €
120702 Máis de 50 empregados, ata 100	1.893,19 €
120701 Máis de 100 empregados	3.155,31 €
Concepto 1208: mercados, supermercados, comercios ao por maior de produtos alimentarios e establecementos agroalimentarios	

<b>TARIFA N° 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
120800 Por cada posto fixo de venda en mercados municipais e galerías de alimentación: NOTA: a concorrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo mercados, dedicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa.	37,86 €
120801 Establecementos en réxime de autoservizo e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m2	1.893,19 €
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m2 e 120 m2	946,60 €
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m2 e 60 m2	391,26 €
120801.03 Con superficie inferior a 60 m2	214,56 €
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Peixería e carnicerías, verduras e froitarías	126,21 €
120802.01 Os demais establecementos	75,73 €
120803 Mercados centrais por xunto	
120803.00 Entidades xestoras dos mercados centrais por xunto	2.082,51 €
120803.01 Por cada posto modular	296,60 €
Concepto 1209: Entidades bancarias e caixas de aforros, gasoleiras e estacións de servizos	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	828,02 €
Concepto 120902 Gasoleiras e Estacións de Servizos, por surtidor (ata un máximo de 518,37 euros)	174,31 €
Concepto 1210: Centros oficiais (Produtores de menos de 10001 de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m2 de superficie	367,64 €
121001 Dende 500 m2 ata 1000 m2 de superficie	736,32 €
121002 Mais de 1000 m2 de superficie	1.103,96 €
Concepto 1211: Locais, establecementos e toda clase de instalacións de carácter público ou privado, non comprendidos en conceptos anteriores e grandes produtores de residuos	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ao día, ao ano. NOTA: A efectos da notificación da cata derivada deste concepto, os obrigados ao pago deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	217,89 €
Concepto 1212: Despachos profesionais	104,60 €
Concepto 1213: Postos, quioscos e calquera outro con instalación permanente na vía pública e non suxeito por conceptos anteriores destas tarifas	32,96 €
Concepto: 1214: Demais locais e negocios non comprendidos nos epígrafes e conceptos anteriores	104,60 €
Concepto 1215: Establecementos de carácter temporal e casetas de feira	
121500 Os establecementos de carácter temporal abertos ou en actividade por tempo que non exceda de tres meses consecutivos ao ano, incluídos os instalados con ocasión de festas, romarías ou verbenas	34,97 €
121501 Atraccións e demais establecementos semellantes instalados no recinto de festas	44,57 €
121502 Venda ambulante, por cada día de colocación no mercado (ao trimestre)	8,01 €
NOTA: Para a obtención do permiso de ocupación da vía pública será requisito imprescindible a presentación do recibo da última taxa trimestral de hixiene pública posta ao cobro	
Concepto 1216: Asociacións veciñais, centros de culto e outros semellantes	87,17 €
NOTA COMÚN Á TARIFA N° 1: As cotas sinaladas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ao interesado, axustalas ao volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o concepto 121100.	

<b>TARIFA N° 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO</b>	
Epígrafe 20.- Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 2,75 €.	0,03 €
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 3,46 €.	0,06 €
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 38,79 €)	0,14 €

**TARIFA N° 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS**

Epígrafe 30. Limpeza por cada m2 de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 48,63 €)	0,03 €
Epígrafe 31.- Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: por cada kg de residuos sólidos urbanos, (cun mínimo de 38,79 €)	0,13 €
Concepto 3101: por cada m3 de residuos inertes, (cun mínimo de 38,79 €)	13,64 €
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	

**TARIFA N° 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS**

Epígrafe 40.- Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	30,85 €
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de característica análogas con tara inferior a 1.000 kg.	63,74 €
Concepto 4002: Pola retirada de camiións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 kg.	158,03 €
Epígrafe 41. - Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,51 €
Concepto 4101: Automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos de tara inferior a 1.001 kg, por día	3,93 €
Concepto 4102: Camiións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 kg, por día	8,37 €
NOTA 1ª.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza.	
NOTA 2ª.- No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.- As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículo só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polo seus propietarios.	

**TARIFA N° 5: POR RETIRADA DE COLECTORES DE ENTULLO**

Epígrafe 50.- Retirada e transporte a depósito	108,19 €
Epígrafe 51.- Depósito por cada día de estancia	3,52 €
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza.	

**TARIFA N° 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS**

Epígrafe 60.- Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001.- Por cada m2 de limpeza e de retirada de carteis	24,10 €
Concepto 6002.- Por cada m lineal de limpeza de pintadas	24,10 €
Concepto 6003.- Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros	13,80 €
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta ordenanza	

**TARIFA N° 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA**

Epígrafe 70.- Por cada unidade de peso menor de 70 kg, euros	21,32 €
Epígrafe 71.- Por unidade de peso superior a 70 kg, euros	68,27 €

**TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K**

A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo invertido e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:

## Epígrafe 80.- Persoal

Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	60,46 €
---	---------

Concepto 8001: Encargado, xefe, capataz ou inspector dos servizos, por cada hora ou fracción	27,68 €
--	---------

Concepto 8002: Conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15% adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	17,05 €
--	---------

## Epígrafe 81.- Materiais

Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración do Concello de Vedra, a prezos de mercado.

Concepto 8101: Vehículos pesados (varredoiro, máquina de baldeo, compactador, escavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade de hora, sen condutor, euros	27,68 €
--	---------

Concepto 8102: Conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	17,05 €
---	---------

## Epígrafe 82.- Desprazamentos

Concepto 8200: por Km percorrido, vehículo pesado, compactador ida e volta, euros	1,16 €
---	--------

Concepto 8201: por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,35 €
---	--------

NOTA: A débeda tributaria esixida obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

Vedra, 19 de decembro de 2023

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2023/9961